CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2024/3
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 8 de febreiro de 2024 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSE VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
LUCIA YÉSICA VECINO RODRIGUEZ

AUSENCIAS:
BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "CAMIÑO DE SANTIAGO A ORIXE".

2. POS+ADICIONAL 1/2024 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

3. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas tardes a todos, antes de nada dicirlle, que hai unhas bolsas cunhas botellas de auga aí para todos os concelleiros, que necesiten auga. Preferimos repartir para evitar malas utilizacións e malas interpretacións do meu xesto de colocalo. Aí, hai unha bolsa, o que necesite que se levante e que colla a auga que necesite.*
O pleno é a convocatoria dunha sesión extraordinaria do pleno ás 8:00 que son agora mesmo.
O seguinte punto da orde do día. Hai catro puntos dentro da orde do día. Dirixeunos un correo electrónico do portavoz do BNG para escusar a sua presencia no pleno de hoxe, que esta enfermo,leva uns días mal. Desexámoslle desde aquí, pola miña parte polo menos unha pronta recuperación. Entón o primeiro punto do día tal e como dixen: Aprobación se procede do establecemento dun prezo publico da actividade Camiño de Santiago a orixe, e este primeiro punto ten unha proposta que vou a ler e despois daremos un turno. Hai unha emenda a esta proposta e pasaremos a falar sobre a emenda directamente."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "CAMIÑO DE SANTIAGO A ORIXE".

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: *2024/G015/000001*
ASUNTO*: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CAMIÑO DE SANTIAGO A ORIXE*
TRÁMITE*: PROPOSTA DE ACORDO Ó PLENO*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Logo de ver a memoria asinada en data 30 de xaneiro de 2024 polo alcalde do Concello de Dodro Francisco Xabier Castro Tourís que literalmente di:

"O Concello de Dodro, ten previsto realizar a actividade Camiño A Orixe sobre a base das seguintes consideracións:

1. DENOMINACIÓN E PRESENTACIÓN

O Camiño "A Orixe" trátase de unha actividade deportiva do Departamento de Deportes do Concello de Dodro.

2. OBXECTIVOS

- *Promover a práctica de actividade física entre a poboación.*
- *Ofrecer unha alternativa saudable para o tempo de ocio.*
- *Dar a coñecer o Camiño A Orixe.*

3. PERSOAS DESTINATARIAS

A actividade está aberta a todos os veciños e veciñas. Veñen participando en actividades de características similares de sendeirismo entre 30 e 50 persoas do Concello de Dodro.

4. CONTIDOS

O Camiño de Santiago do Barbanza "A Orixe" fundaméntase no relato da chegada do Apostol a Galicia, navegando polas augas da Ría de Arousa e o Río Ulla.
Diversas evidencias, como a existencia de varios hospitales de peregrinos, a proliferación das imaxes de Santiago e máis de 200 fitos relacionados ca tradición xacobea (cruceiros, igrexas, conventos...) poñen de manifesto a existencia de un antigo Camiño durante o medievo que acompañaba por terra o periplo do Apóstol pola nosa ría.

Hoxe en día, o trazado do Camiño (de máis de 120 km) comeza no Faro de Corrubedo, e a través de varias etapas discorre polos concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e a Padrón ata chegar ata Iria-Flavia.
Na realización das etapas o grupo será trasladado en autocar desde Dodro ata a localización do comezo de cada etapa e logo será recollido no final da etapa correspondente para volver a Dodro.

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

5. LUGAR E DATAS

O Camiño "A Orixe" realizarase en 6 etapas para cubrir a distancia de 113 km que separa o punto de inicio situado no Faro de Corrubedo, e o punto final, Iria-Flavia:

ETAPA	PUNTO SAÍDA	PUNTO CHEGADA	DATA	KMS	HORA SAÍDA	HORA CHEGADA
1	Faro de Corrubedo	A Guía	02-03	16	08.00 H	14.00 H
2	A Guía	Palmeira	09-03	17	08.00 H	13.45 H
3	Palmeira	Boiro	16-03	19,2	08.00 H	13.45 H
4	Boiro	Cespón	23-03	19,4	08.00 H	13.30 H
5	Cespón	Isorna	13-04	19,4	08.00 H	13.30 H
6	Isorna	Padrón	20-04	22,3	08.00 H	14.00 H

6. RECURSOS

- ***Humanos:*** *Desenvolvemento da actividade, inscricións, información e xestión por parte do persoal do Departamento de Deportes.*
- ***Infraestruturas:*** *dependencias do Departamento de Deportes no Pavillón Polideportivo Municipal e etapas do Camiño "A Orixe".*
- ***Materiais:*** *achega individual de cada unha das persoas participantes. O Concello de Dodro entregará un avituallamento básico composto por un botellín de auga, unha peza de froita e unha barriña enerxética a cada persoa participante.*
- ***Económicos:*** *o custo da actividade sufrágase nunha parte polo Concello de Dodro e noutra polas persoas participantes.*

7. ORZAMENTO

- ***Transporte en autocar:*** *1.945 euros.*
- ***Póliza seguro de accidentes deportivos:*** *285 euros*
- ***Avituallamento:*** *276 euros* ***(****Composto por un botelín de auga de 50 cl, 1 peza de froita e unha barriña enerxética).*
- ***Duración da actividade:*** *6 etapas realizadas en horario de mañá.*
- ***CUSTO TOTAL:*** *2.506 €.*

Conforme ao disposto no artigo 4.1 da ordenanza número 22 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís, e outras actividades de carácter deportivo, lúdico

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

popular e socio culturais organizadas polo Concello, proporciónanse os datos necesarios para a adopción do correspondente acordo de fixación do prezo público do Concello de Dodro e que son os seguintes:

A actividade está previsto que se inicie o 2 de marzo do ano 2024 e que remate o 20 de abril de 2024, polo que o custo total da actividade será o seguinte:

- *2.506,00 € (6 etapas).*

Para unha estimación de 50 persoas participantes na actividade, os custos que se incorren son os seguintes:

Concepto	***Descrición***	***Importe total***
Transporte en autocar	*Desprazamento do grupo e recollida*	*1.945,00 €*
Póliza seguro de accidentes deportivos	*Seguro de accidentes deportivo*	*285,00 €*
Avituallamento	*300 botellíns de auga, 50 kg de bananas, 300 unidades de barriñas de cereais*	*276,00 €*

Así mesmo, os ingresos estimados para un prezo de 36 € por persoa participante, son:

Prezo público proposto	*Número de participantes*	*Ingreso total:*
36 €	*50*	*1.800,00 €*

- *Gastos estimados: 2.506,00 €*
- *Ingresos estimados: 1.800,00 €*

O prezo público non cubre a totalidade do gasto do servizo se ben, de acordo co establecido no artigo 4.2 da Ordenanza núm. 22 citada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse fixar prezos por debaixo do custo do servizo.

O custo xerado para o Concello, non cuberto polo prezo público, é de 706,00 €, se ben tratándose no presente caso dun servizo que se presta por razóns deportivas, culturais e de interese público, cuxos obxectivos

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

son dar a coñecer e poñer en valor o Camiño de Santiago do Barbanza " A Orixe", ofrecer unha alternativa de ocio e tempo libre e promover a práctica de actividade física entre a poboación a través do sendeirismo. No orzamento municipal prevese dotación suficiente para atender a diferencia resultante e garantir o financiamento do servizo.

Emitido informe por Secretaría-intervención e considerando a competencia que corresponde ao Pleno da Corporación de acordo co disposto no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar o establecemento do prezo público para a actividade Camiño de Santiago "A Orixe" en 36,00€ por persoa participante.

Segundo.- Publicar o acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

Terceiro.- Dar conta á Tesourería municipal e ó departamento responsable.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

Procede o alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís, coa lectura da proposta

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto, ahora como hai unha emenda presentada polo portavoz da formación política XD, pois pasa a lela, segundo me consta a min, que a lea e entendemos a súa emenda".*

Procede a continuación o voceiro do Grupo Municipal Xente de Dodro á lectura dunha **emenda**, cuxo tenor literal é o seguinte:

"Calcular o importe de cada unha das saídas e establecer un precio para cada unha delas. As persoas interesadas permitiráselles apuntarse ás saídas que desexen, podendo establecer un mínimo de 75 persoas para fletar un segundo autobús si así ocorrese.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Establécese o prezo desta actividade de tal xeito que aquelas persoas que non podan participar en todas as saídas terían que pagar o mesmo que aquelas que sí poden ir a todas as saídas. É decir, que aqueles que non

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

vaian a todas as saídas estarán subvencionando aos que sí van. Ou tamén, que si se apuntan 50 persoas para esta actividade pero despois algunha desas persoas non pode acudir, tampouco poderán ir outras porque supostamente esas prazas estarán ocupadas. Porque de aceptar a outras persoas que non estaban apuntadas nun principio, o Concello tería uns ingresos extras e incluso podería ter un superávit na actividade.
Tal e como está previsto o pagamento e a participación destas actividades en ningún caso está pensado para favorecer a participación dos veciños e fomentar o deporte."

Continuase co debate da emenda.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, a agrupación de Xente de Dodro, presentou unha emenda porque, de acordo co que ven dicindo o alcalde que non paga horas extras, se di, que aquí se vai desenvolver con persoal do departamento de deportes, nunha xornada de sábado como mínimo son 6 horas, eso é fora do horario laboral co cal serian horas extras, non sei como vai a facer eso, cando ven de decir que non se van a facer horas extras, pero bueno. Por eso entendemos que se debe calcular o importe de cada unha das saídas e establecer un prezo para cada unha delas. As persoas interesadas permitiríaselles apuntarse as saídas que desexen, podendo establecer un mínimo de 75 persoas para poder contratar un segundo autobús si asi ocorrese. Que os motivos serían os seguintes: Tal como esta a proposta da alcaldía establecese o prezo de esta actividade, de tal xeito que aquelas persoas que non poidan participar en todas as saídas, terían que pagar o mesmo que aquelas que si poden ir a todas as saídas, é dicir que aqueles que non vaian a todas as saídas estarán subvencionando aos que si van, ou tamén si se apuntan 50 persoas para esta actividade, pero despois algunha de esas persoas non poden acudir, tampouco poderán ir outras persoas porque supostamente esas prazas estarán ocupadas, porque de aceptar a outras persoas que non están apuntadas, nun principio o concello tería uns ingresos extras e incluso podería ter un superávit na actividade. Tal e como esta previsto o pagamento e a participación de estas actividades,en ningún caso esta pensado para favorecer a participación dos veciños e fomentar o deporte."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moi ben, intervencións sobre a emenda, portavoz do PSDG."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Si, bueno, consideremos que non hai lugar a aprobación da emenda que presenta a agrupación XD, que suporía unha modificación substancial do expediente e si se opta ao prezo por etapas estaría pendente de fiscalización, e basicamente, o grupo socialista votaría en contra da*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

emenda."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz do PP, porfavor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Gracias, nos non estamos de acordo con esta emenda porque, bueno, tampouco estamos de acordo co punto da orden do día, porque para as actividades que fai o Concello , que son catro e as catro que fai, bueno... pois fainas a parte , como acabamos de ver ahora co entroido que xa suprimiron o concurso de entroido, a cabalgata, non temos practicamente actividades, pois para dúas que fan, consideramos que deberían ser gratuítas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Gracias, portavoz de unidade veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Boas tardes a todos, nos tamén estamos en contra da emenda, porque, bueno... xa temos feito esta actividade algún ano mais, e a verdade que sería pasar de unha actividade a seis diferentes, co que custa esto para o concello seria demasiado burocrático, para a xente que se quera apuntar, incluso para a xente que se teña que apuntarse a un a outra non, pensamos que é bastante lio. Entonces como xa nos pasou e xa o estudiamos, ese tema xa o estudamos daquela, vimos que era totalmente imparcial."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moitas gracias, o porta voz do BNG non esta. Eu vou dicir unha cousa ao voceiro que presentou a emenda. Calcúlase un precio para todas as etapas en conxunto, xa que segundo se indica na memoria da actividade e da proposta de acordo do pleno os obxectivos da actividade son ademais, de promover a practica da actividade física para a poboación e ofrecer unha alternativa saudable para o tempo de ocio, dar a coñecer o Camiño a orixe. Co cal é de interese para o concello de Dodro por diversos motivos.*

Coa realización de esta actividade de sendeirismo cúmprense innegablemente os dous primeiros obxectivos, no caso deste obxetivo... entendese que para poder acadalos, as persoas participantes poidan realizar a totalidade deste. É unha ruta de peregrinaron de 120 km, pero que se divide en varias etapas para facilitar a sua realización e que sexa mais accesible e operativo, de todas formas a pesar de estar dividida en varias etapas desde o criterio da organización, pretendese que sexa tomada a ruta como un todo indivisible.

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ademais proponse o establecemento dun precio público para actividade en conxunto, unha vez consultado e aprobadas as posibilidades legais e operativas desde o punto de vista da organización do grupo, a subministración de servizos necesarios para a sua realización e a correspondente contratación, tendo en conta para esto ultimo tamén os prazos necesarios. Seguindo coa emenda, tense en conta para establecer un numero máximo de participante varios criterios, tomouse como referencia a participación de actividades similares realizadas en anos anteriores, tivéronse en conta recursos humanos cos que conta o concello de Dodro, para xestionar e realizar a actividade. Absolutamente tranquilo polo tema que vostede citou no primeiro punto, que tamén constaba na emenda por certo.

Por outra banda pretendese de esta forma asegurar a participación dun grupo mínimo previamente ao inicio da actividade para asi poder realizar os tramites administrativos necesarios.

Si temos en conta a exposición de motivos, o prezo publico establecese para toda a actividade,as seis etapas que compoñen o camiño.

O concello realiza outras actividades, para as cales hai establecido unha ordenanza municipal que regula as taxas. Por exemplo pasar co tema do ximnasio, que tamén hai taxas trimestrais e non son mensuais. O concello de Dodro ten que tratar de saber co que conta para poder organizar as súas actividades, en todo caso esta actividade de sendeirismo esta igualmente pensada para favorecer o fomento de deportes, para a saúde e que sirva a toda a poboación e todos os colectivos, favorece a participación, establecendo un prezo publico e asumindo parte do gasto do servizo, asi mesmo realizarase unha campaña de difusión da actividade para que chegue ao maior numero de persoa posibles e poñerase por parte de concellos paneis de comunicación necesarios, para facilitar información é resolver dubidas, si as persoas interesadas están e poderán cumprimentar a sua participación coa única xestión, unha única xestión , de exención e pago das taxas. Rematadas as exposicións procedemos a votación da emenda."

Procédese á **votación da emenda** en primeiro termo, tal e como determina o artigo 43 do Regulamento Orgánico Municipal.

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Rexeitada

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora a favor da proposta, hai un turno de intervencións. Intervención do portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Si, bueno, é un pouco reiterar o que dixo o alcalde. Trátase de promover a práctica dunha activade física entre os veciños e veciñas e ofrecer unha alternativa saudable para o tempo de ocio e tamén dar a coñecer o Camiño A Orixe. Son 113km, desde o faro de Corrubedo ata Iria Flavia. Dividida en seis etapas, en datas que van desde o 2 de marzo ata o 20 de abril. O orzamento total da actividade ten un custo de 2.506€ , estimando a participación de 50 persoas. O prezo publico proposto, como ben dixo alcalde é de 36€ por persoa, loxicamente o grupo socialista vai a aprobar esta proposta da Alcaldía."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz da agrupación política XD."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Di o voceiro do partido PSOE, pois que non aclarou vostede si o persoal que vai o sábado, eso supón horas extras ou non, eso o primeiro lugar . Despois quero dicir ao voceiro do pis oe, que, si un vai un día pagará 36€, si vai dous días pagará 36€ e si vai seis días pagará 36€. Esas son as actividades que pagan co pis oe. Pero mire, voulle dicir entre o 2011 e o 2019 se fixo*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

actividades como esta, do Camiño de Santiago, e se facía por etapas. E cada un apuntábase as etapas que quería, cada un pagaba a etapa que quería. Que é o mais normal. Según vostedes son incapaces de organizar unha actividade por semana. É decir, o que se apunta paga todo, independentemente despois se pode ir ou non pode ir. E si pode ir a tres etapas, ten que pagar seis. Bueno pois esto nin é normal, ni é fomentar o deporte. Porque pódese facer de outro xeito que é o normal. Nada mais."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Gracias, portavoz do partido popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Nos propoñemos que esta actividade sea gratuíta, polo que antes comentamos. Porque o Concello fai moi poucas actividades para a veciñanza. O que si propoñemos e que se peche aos veciños de Dodro, si son 50 participantes que se peche a lista aínda que sea gratuíto, e en tal caso que se estableza un prezo publico para os veciños que se apunten de outros concellos. O custo da actividade son 2.506€, non creo eu que o concello se quede moi pobre financiando unha actividade cada tres meses para os veciños, nada mais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Dende Unidade veciñal imos aprobar esta proposta, que é un corta e pega da ultima que se fixo. Porque hai que lembrarlle a todos os veciños que a ultima andaina que se fixo foi precisamente hai 2 anos no Camiño A Orixe, como si non houbera mais camiños aquí en toda Galicia para facer. Hai o Camiño do Norte, o Camiño Inglés que non se fixeron. Non sei porque temos que volver a repetir o mesmo camiño de varios anos... fai un corta e pega e acabamos antes, dáme a min a impresión, pero bueno".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Gracias, vamos a proceder a votación e asi pois xa falamos"*

Procédese a votación.

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado é o seguinte:

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Persistindo o empate, decide o voto de calidade do alcalde polo que o

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

resultado é:

Resultado: Maioría simple (voto de calidade da Alcaldía)

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria, acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

2. POS+ADICIONAL 1/2024 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**EXPEDIENTE:** 2024/A008/000014*
***ASUNTO:** SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2024 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024*
***TRAMITE:** PROPOSTA ACORDO – PLENO*

Solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Logo de ver que o Pleno da Deputación da Coruña en data 24 de novembro de 2023 acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024" - BASE 12. - POS+ADICIONAL 1/2024 GASTO SOCIAL EXTRAORDINARIO (BOP da Coruña núm. 227 do martes 28 de novembro de 2023).

Logo de ver a ASIGNACIÓN FONDOS A CONCELLOS POS+AD 1/2024 ACHEGA 2024 EXTRAORDINARIA GASTOS SOCIAIS pola que lle corresponderían ao Concello de Dodro 33.144,33€.

Logo de ver o informes de Servizos Sociais así como o informe de Secretaría-Intervención, sendo do interese do Concello participar na citada convocatoria, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2024"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

gastos sociais extraordinarios, *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:*

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2024: 33.144,33€.

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios: 33.144,33€.

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	*PREVISIÓN DE GASTOS 2024*	*ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega da Deputación)*	*ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)*
	(A)	*(B)*	*(C= A-B)*
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	*28.942,72€*	*0,00 €*	*28.942,72€*
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			
c) Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se presta no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. *O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non ña totalidade do servizo.* *Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.*	*4.201,61€*	*0,00 €*	*4.201,61€*
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*
g)Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	*33.144,33 €*	*0,00 €*	*33.144,33 €*
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeira de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos	*3.000,00€*	*0,00 €*	*3.000,00€*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

equipos técnicos de servizos sociais municipais.			
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO			

	PREVISIÓN DE GASTOS	***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS***	***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO***
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	*33.144,33€*	*0,00 €*	***33.144,33€***

Segundo.- *Facultar expresamente a esta Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Terceiro.- *Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña.*

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Punto dous da orden do día: Aprobación si procede do Pos Adicional 1/2024 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024. Aquí vanme a desculpar vostedes, hai unha proposta que vou a ler eu, asi eximíndose a concelleira de servizos sociais, xa que tivemos unha, desgraciadamente unha noticia lutuosa no concello que afectou a menores e a concelleira estivo pola tarde en outras labores e vamos a deixala que este hoxe mais ou menos tranquila e que non lle afecte moito o que suceda aquí.*

Hai unha proposta de acordo ao Pleno que é a solicitude de participación no o Plan provincial de cooperación as obras e servizos.

Desculpade un segundo, vou facer un receso de 1 minuto porque non esta saíndo a emisión en directo e audio e despois é necesario.

Hai unha proposta de acordo ao pleno que empezaría mais ou menos en logo de ver que o Pleno da deputación de A Coruña con data do 24 do 23 se acordou aprobación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación e a asignación de fondos a concellos a achega do 24 de gastos sociais,polo que lle correspondería ao concello de Dodro 33 144, 33€. Logo de ver o informe de servicios sociais asi como o informe de secretaría e intervención, sendo de interese para o concello participar na cita convocatoria esta Alcaldía propón ao Pleno de corporación a adopción

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do seguinte acordo:

Participar no Plan provincial de cooperación das obras e servizos de competencia municipal no ámbito de concellos Pos Adicional para a financiación dos gastos adicionais extraordinarios con unha achega da deputación de 33.144,33. O concello de Dodro solicita no punto A o reforzo do persoal técnico e ou administrativo adscrito a tal por, por un importe 28.942,72€ , ademais a ampliación de servizos de axuda no fogar por un importe de 4.201,61€ o que fai un total 33.144.33, hai unha cantidade aquí, na terceira páxina, que non se suma no total e é un erro digamos de que nos se que vaciou esta columna que fala da adquisición de equipamento para o desenvolvemento de actividades de servizo sociais 3.000€ que viñan arrastrados de atrás este é un erro, no é mais que un error non se recolle na suma en nada o que hai que facer digamos, é darse conta do erro e xa se rectificara, o informe da traballadora social esta correcto todo e o no informe de secretaria e intervención tamén se ten en conta o importe correcto.

Para esta solicitude tamén hai unha emenda presentada polo portavoz do, eu si que sei deletrear as letras en galego, XD, son estas as da agrupación que vostede representa neste concello . Si vostede non sabe deletrear as letras dos partido socialista do obreiro español PSOE, podo deletrealas perfectamente, non diga pis oe porque non se entende e queda vostede de bastante maleducado, simplemente para a sua información. Eu limítome a deletrear as letras das siglas. Dito esto, proceda por favor a ler a emenda e a defendela si é o caso."

Procede a continuación o voceiro do Grupo Municipal Xente de Dodro á lectura dunha **emenda**, cuxo tenor literal é o seguinte :

"- Solicitar no POS+2024 para Gastos Sociais, a contratación de dous técnicos para o departamento de Servizos Sociais: un traballador social a tempo completo e un sicólogo a tempo completo, aportando o concello con recursos propios a diferencia que resulte do pagamento de salarios e seguridade social.

- Solicitar para axudas de emerxencia e alimentos a cantidade suficiente que permita unha distribución mensual ás familias que así o precisen.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A xestión do anterior goberno tripartito levou a un auténtico desastre na organización e funcionamento do departamento de Servizos Sociais. A mellor mostra disto é que a día de hoxe levamos case 4 meses sen

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

educadora familiar, non se reparte os alimentos según as necesidades, senón o gusto do sr. Castro, as axudas para libros deixan fora á maior parte das familias senon a todas, e agora resulta que a anualidade do plan de drogas correspondente ao ano 2023 houbo que devolvela totalmente. Nunca antes a veciñanza de Dodro chegara a este punto de absoluto abandono.

Nunca antes. E con menos medios. É absolutamente prioritario recuperar a atención dos Servizos Sociais.

Fai escasas semanas, pola absoluta desatención deste goberno, pola absoluta desidia de quen ten a responsabilidade de xestionar os recursos que son para a veciñanza, unha persoa de Dodro cuns mínimos recursos económicos veuse obrigada a ingresar nunha residencia privada pagando case 3.000 euros ao mes, cando tería que ter unha praza gratuíta nunha residencia pública."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Gracias señor do pis ga.*
A emenda di asi:

Solicitar no Pos 2024 para gastos sociais a contratación de dous técnicos para o departamento de servizos sociais. Un traballador social a tempo completo é un psicólogo a tempo completo, aportando o concello con recursos propios, a diferencia que resulta do pagamento dos salarios e da seguridade social.
Solicitar para axudas de emerxencia e alimentos a cantidade suficiente que permita unha distribución mensual ás familias que así o precisen , e os motivos:
A xestión do anterior goberno tripartito levou a un auténtico desastre na organización e funcionamento de servicios sociais. A mellor mostra de isto é que a día de hoxe levamos casi 4 meses sen educadora familiar, non se reparten os alimentos según as necesidades, non o gusto do señor Castro, as axudas para libros deixan fora a maior parte das familias, se non a todas. E ahora resulta que a anualidade do plan de drogas correspondente ao ano 2023, houbo que devolvela totalmente.
Nunca antes a veciñanza de Dodro chegara a este punto de absoluto abandono, nunca antes, e con menos medios desde logo.
É absolutamente prioritario recuperar a atención dos servizos sociais. Fai escasas semanas pola absoluta desatención de este goberno, pola absoluta desidia de quen ten a responsabilidade de xestionar os recursos que son para a veciñanza. Unha persoa de Dodro cuns mínimos recursos económicos, veuse obrigada a ingresar nunha residencia privada pagando case 3.000€ ao mes, cando tería que ter un praza gratuíta nunha

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

residencia pública."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Segundo o previsto intervencións sobre a emenda. Portavoz do PSdG, por favor, señor Abuín"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Bueno si me permite señor alcalde, quérolle indicar ao voceiro do XD que o partido de máis de 140 anos de historia merece máis respecto que un que ten 6 meses."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*:* *"Como?, o respecto é por ter ..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Merécese respecto, leva 140 anos de historia o Partido Socialista Obreiro Español, merecese máis respecto, ca o que vostede di. Vamos a ver, a emenda, hai dúas traballadoras sociais a tempo completo que tamén terán que ocuparse da función que tamén viña desempeñando a educadora familiar e ao seu debido tempo será cuberto. Os alimentos véñense repartindo nas épocas establecidas cando proveñen de BALRIAL. A axuda para libros se lle conceden a quen reúnen as condicións da convocatoria. Logo o apartado da absoluta desidia, comentarlle, que eso é a sua opinión. A cal non comparto en absoluto. Podería indicarme, explicarme, con mínimos recursos económicos, sobre 400€, di vostede nas redes sociais, pode pagar case 3.000€ ao mes?. Finalmente indicarlle que o grupo socialista votara en contra da emenda."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moitas gracias, portavoz do PP"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Gracias. Bueno nos estamos practicamente, totalmente de acordo con esta emenda. Porque é verdade que servicios sociais en Dodro non funcionou no anterior mandato e sigue sin funcionar neste mandato. Non se atende aos veciños, non se lles axuda a resolver os problemas. Non creo que hoxe sea o día mais indicado para falar de este tema, pero bueno, témolo encima da mesa e ten que ser.*
Co que igual non estamos moi de acordo é co ultimo parágrafo que Xente de Dodro escribe aquí, porque utilizaron o tema social para intentar vender algo, nos non pensamos que é así. Vostede que foi alcalde 8 anos sabe perfectamente que o tema das residencias publicas non é unha xestión municipal, si que é verdade que posiblemente esa familia pois si se lle houbese atendido aquí, si se lle houbese feito as xestións necesarias,

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pois hoxe en día estarían polo menos, en lista de espera, sempre e cando tivera un grado 3 de dependencia recoñecido. Pero utilizar os escasos recursos económicos de unha familia ou utilizar o que está pagando de residencia, que bueno non son case 3.000€ pero bueno, nos pensamos que non é axeitado. De todas maneiras si que é certo que servicios sociais en Dodro non funciona xa fai 5 anos, e vamos a apoiar a emenda".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Bueno, non teño nada que decir simplemente decir que non vamos a apoiar esta emenda."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a ver señor portavoz da agrupación política XD, a sua emenda resulta en todo punto incomprensible, si non fora porque o coñezo, diría que perdeu vostede completamente o norte, demostra descoñecemento completo dos orzamentos do concello de Dodro, xa que si os coñecera sabería que é de todo imposible acometer financieramente o pago da parte proporcional que vostede nos suxire, do gatos de dous técnicos para servicios sociais, esto vai tamén para a portavoz do PP, é absolutamente imposible, a todos nos gustaría ter 5 técnicos en cada departamento pero é absolutamente imposible financialo. Deberían sabelo vostedes. A aportación da Deputación provincial e de 33.000€ o que fan que si aceptamos a sua emenda, poderíamos estar falando, probablemente mais de 50.000€ de custo para o concello de Dodro. Vostede debería saber que eso hoxe non é posible para Dodro, a pesar de todo o que se esta aforrando en salarios dos políticos , comparado co período 2015-2019, o último con vostede de alcalde.*
Outra cousa sería como se realizase esa contratación xa que parece que vostede todo o arregla con chamar a un amigo ou amiga, e con un contrato, de aquela maneira, xa estaría o/a psicólogo/psicóloga contratado/ contratada e listo.
Sobre a solicitude de destinar parte do Pos social 2024 ao reparto de alimentos mensual, volve vostede a sorprendernos, penso que non se leu nin sequera o importe da subvención, vou a recordarlle, 33.000€. A pregunta sería si vostede presenta unha emenda debería dar un texto alternativo, debería vostede emendar o texto aquí proposto, debería vostede dicir de canto vai ser esa achega para comprar os alimentos mensuais as familias que si o precisen, debería vostede traballar e preparar as suas emendas, ademais agora ten bastante tempo libre eh. Sabes vostede cantas familias están ahora en situación no concello de Dodro agora mesmo de recibir axuda alimentos?, sabe vostede da

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

colaboración dos servicios sociais do concello co Cáritas diocesana para a atención directa de familias?, sabe vostede que o mellor que podemos facer os políticos é que ningunha familia necesite esa aportación en forma de alimentos e para eso se esta traballando que subiu o salario mínimo interprofesional de 735€ que o deixou o anterior goberno de estado ata a última subida de onte mesmo, que o deixou en mais de 1.300€ /mes. Esa é a diferencia entre uns e outros. E agora vamos a proceder a votación a emenda".

Procédese á votación da emenda en primeiro termo, tal e como determina o artigo 43 do Regulamento Orgánico Municipal.

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado é o seguinte:

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Persistindo o empate, decide o voto de calidade do alcalde polo que o resultado é o seguinte:

Resultado: Rexeitada (Voto de calidade da Alcaldía)

Continuase co debate da proposta:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E agora é o turno para defender a proposta. Portavoz do PSdeG-PSOE."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Bueno, resumindo, a achega provincial proposta nas bases do POS adicional 1-2024 que é de 33.144,33€ este goberno propón destinar 28.942,72€ para reforzo e ampliación de persoal técnico e o administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante nova contratación ou mantemento do persoal, e 4.201,61€ para ampliación de servizo de axuda no fogar tanto de carácter básico como de carácter complementario."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz da agrupación política XD"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Bueno, mentres non sei deletrear direille ao voceiro do PSdG, que o do financiamento, mire non pode decir vostede que non ten cartos, cando lle quere aumentar aquí o salario, a señora secretaria,e as funcionarias. Se ten cartos para eso, terá cartos para o outro.*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo, aquí o único que se vai buscar a unha amiga creo que foi vostede, cando se marchou a outra secretaria cre que foi vostede, eu non, eu nunca fun buscar ningunha amiga. E desde logo as bases de contratación que fixemos durante 8 anos non teñen nada que ver cas bases que se están poñendo por aquí. Non teñen absolutamente nada que ver, como mínimo, esíxese algún exame, ahora con 24 meses traballados aquí e resulta que un pasa a ser funcionario, bueno pois eso, eso non ten nada, absolutamente nada que ver co que se fixo durante os outros 8 anos que gobernei como alcalde.

Non pode decir vostede que os servizos sociais están ben, cando vostede leva 4 meses sin educadora familiar, como pode decir vostede que están ben, que, quen, que técnico cualificado esta atendendo as familias que están en risco de exclusión social, si é que, ao mellor xa están fora. En 4 meses, esas familias con nenos. Con rapaces pequenos, quen as está atendendo? Mire voulle decir mais, e quixera que deixen vostedes ao marxe o caso lutuoso que pasou hoxe no Concello, pero voulles decir, independentemente de ese acto, o do que sucedeu, de ese suceso. Saben vostedes, deberán saber vostedes, porque bueno, mire, teremos que falar, e non me vou referir a ese acto, voume referir a actos xerais, e por eso pedimos un psicólogo, que non é por pedilo, non é unha cuestión baladí. Voulle decir os datos de media suicidas en Galicia, unha persona ao día. Eses son os datos, si usted os quere ver, veos, si non os quere ver, non os ve. [falan a vez], *quero deixar ese acto... si nos pedimos un psicólogo pedimos esta emenda antes de que sucederá nada, antes de que sucedera nada, porque sabemos que existe unha situación aquí e en moitos lugares de Galicia. (falan a vez)"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Rematou o seu turno. Portavoz do PP"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Gracias, eu non creo que sea o momento de mencionar determinadas cousas, de todas maneiras, ou nos entendemos mal esta emenda ou o alcalde a entendeu mal, porque, que mo diga o señor Alfonsin.*

Vostede aquí pide que os fondos do POS 2024 sirvan para esto, verdad? Eu entendo que nesta emenda non se pide que os 33.000€ e o resto o poña o concello, creo que, ou entendimos mal ou que tamén o POS das obras se meta aquí.
Independentemente de todo eso, si estamos decindo que servicios sociais non funcionan, si estamos queixándonos de que non temos persoal en servicios sociais e xa que a emenda non saleu adiante, non podemos votar en contra de que haxa outra traballadora social e haxa unha auxiliar de

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

axuda a domicilio por horas para causas imprevistas e que non nos ocorra como no mes de decembro, que non temos persoal para atender a xente, nos en consecuencia, e por un pouco de criterio imos apoiar esta proposta."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Nos tamén, desde a Unidade Veciñal. Non nos parece mal, ningunha ampliación do personal técnico nin que se poida facer ahora, tamén botamos de menos que se nos consultaran as cantidades, para poder vir ao Pleno e poder votar en consecuencia, enterámonos precisamente no, igual que o resto de partido políticos. Creo que non tendo maioría no Pleno, podíase consultar as cantidades e onde se iban a coller, pero bueno, non nos parece mal estes gastos para servicios."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Gracias, vamos a votar a proposta.*
De todas maneiras, recordarlle a portavoz do PP, que si, que efectivamente no primeiro punto o que se fala, é de dous técnicos para os departamento e di os tipos de técnicos, e fala de tempo completo, e fala de que o concello ten que con recursos propios completar os gastos.
Estamos falando de 50.000€ mais, estamos falando de 35.000€ por puesto, dous puestos, son 70.000€, a Deputación solo da 33.000, as cuentas son fáciles. O concello ahora mismo non pode, que xa nos gustaría eh, que non é soamente que non lle gustase a todo o mundo, poder asumir moito mais gastos dos que asumimos.
E o portavoz de Unidade Veciñal trataremos de emendar a, agradecémoslle a emenda da plana, que posiblemente que a merezamos, dada a situación e a facilidade, e xente ca que contamos pareciamos unha solución rápida e necesaria.
Bueno vamos a proceder a votación si lles parece."

Procédese a votación.
Votacións:
Votos a favor: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

3. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

***"EXPEDIENTE**: 2024/A008/000002*
***ASUNTO**: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"*
***TRÁMITE**: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO*

Logo de ver as bases reguladoras do "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" (BOP nº 227, 28/11/2023).

Considerando a documentación que consta no expediente, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1.- Participar no ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"*** *da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":*

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*116.005,17*
Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)	**-**
Subtotal gasto corrente	*116.005,17*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	
-	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**
Subtotal investimentos achega provincial 2024	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	
MELLORA DE VIARIOS EN DODRIÑO	*51.427,00*	*-*	*-*	*-*	*51.427,00*
CAMIÑO CRUZ DE AVELÁN - DEVESA - CRUCE DA CHISCA	*38.536,19*	*-*	*-*	*-*	*38.536,19*
Subtotal investimentos achega provincial 2023	*89.963,19*	*-*	*-*	*-*	*89.963,19*

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda *do concello coa deputación (préstamo provincial)*

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución de débeda	*-*
Achega provincial 2023 aplicada á redución dábeda	*-*
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	*-*

D) Resumo:

		Concello			
POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	***Deputación***	***Concello***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible***	***Total concello***	***Orzamento Total***

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

				nos abastecem. auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2024***	*116.005,17*				*116.005,17*
	Achega 2023 (Excep. Base 2.1)	*-*				*-*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2024***	*-*	*-*	*-*	*-*	*-*
	Achega 2023	*89.963,19*	*-*	*-*	*-*	*89.963,19*
C- REDUCIÓN DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	***Achega 2024***	*-*				*-*
	Achega 2023	*-*				*-*
D- TOTAL	***Achega 2024***	*116.005,17*	*-*	*-*	*-*	*116.005,17*
	Achega 2023	*89.963,19*	*-*	*-*	*-*	*89.963,19*
	TOTAL	*205.968,36*	*-*	*-*	*-*	*205.968,36*

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	***(A) Orzamento de contrata***	***(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)***	***(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferencia entre a columna a e a B)***
SANEAMENTO EN CANCELA ABREA	*78.048,90*	*-*	*78.048,90*
ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA ESCOLA DE LESTROBE	*79.737,49*	*-*	*79.737,49*
MELLORA DE VIARIO NO NÚCLEO DE BEXO	*51.927,67*	*-*	*51.927,67*
TOTAIS	*209.714,06*	*-*	*209.714,06*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Catro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta proposta vaino ler o concelleiro de obras e servizos, o señor Abuín"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *" A proposta que traemos aquí, consiste en participar no Plan Provincial de cooperación nas obras e servizos e competencia municipal, POS+ 2024, que se desglosa da seguinte forma, nunha partida de gastos correntes por importe de 186.005,17€ e poñer en gastos de financiamento para dúas actuacións, que son: unha mellora de viarios en Dodriño por importe de 51.427 e outra para o camiño da Cruz de Abelán a Devesa e cruce da*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Chisca 28.536,19€ que fan 89.963,19€.
Logo está a parte do Plan complementario, no Plan complementario proponse tres actuacións:
Unha o saneamento en Cancela Abrea, por importe de 78.048,90€,
O acondicionamento do entorno da escola de Lestrobe, por 79.737,49€ , e a mellora do viario do núcleo de Bexo polo importe de 51.927,67€, proposta que xa vai encamiñada a garantir servizos públicos obrigatorios. Tamén vexo que hai unha emenda presentada e logo da miña intervención xa falarei mais detalladamente e direi en que consiste."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Moi ben, pois como hai unha emenda presentada polo portavoz, que presentou as dúas, que a defenda por favor"*

Procede a continuación o voceiro do Grupo Municipal Xente de Dodro á lectura dunha **emenda**, cuxo tenor literal é o seguinte:

"Retirar os investimentos en Cancela Abrea e a obra do entorno da escola de Lestrobe, e adicar as cantidades deses proxectos a incrementar os proxectos de melloras de caminos para que se fagan con aglomerado en lugar de tratamento superficial asfáltico, e en caso, de haber excedentes, se adiquen eses excedentes á mellora doutras estradas municipais igualmente en aglomerado, como poden ser as de Teaio, a estrada de Teaio a Bustelo, ou mesmo a mellora das pistas na Veiga de Lestrobe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Novamente o goberno socialista dispón de recursos que poden servir para mellorar o benestar da veciñanza de Dodro. Despois dos proxectos de asfaltar pistas de monte, e carriles – bici para ningunha bicicleta que non van servir para nada, sempre e cando cheguen a facerse que eso é outra cousa que aínda está por ver, atopámonos con proxectos que son máis propios do século pasado que do tempo que vivimos.

Unha vez máis, o goberno e os que o apoian, e o van apoiar tamén hoxe, desisten unha vez máis das inversións fundamentais como a depuradora de Dodriño.

Pero é que ademáis incluise por segunda vez un proxecto que xa foi incluído nun POS anterior. Por segunda vez, propoñen facer a mesma obra.

Pero é que nin os proxectos que se presentan eiquí responden minimamente ás necesidades de hoxe en día. Recurre novamente este goberno á grava para facer que fai, en lugar de facer as obras tal e como

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

se deben facer, tal e como se fixo durante entre os anos 2011 a 2019."

Procede o voceiro de Xente de Dodro á lectura da emenda e posteriormente debátese.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"A emenda di así:*
Retirar os investimentos en Cancela Abrea e a obra do entorno a escola de Lestrobe, e adicar as cantidades de esos proxectos a incrementar os proxectos de melloras de camiños para que se fagan con aglomerado en vez de tratamento superficial asfáltico, e en caso de a ver excedentes, que se adiquen eses excedentes, mellora de outras estradas municipais, igualmente en aglomerado como pode ser a estrada de Teaio a Bustelo ou mesmo a mellora das pistas da veiga de Lestrobe.
Os motivos: novamente o goberno socialista dispón de recursos que poden servir para mellorar o benestar da veciñanza de Dodro. Despois do proxecto de asfaltar pistas de monte e carriles bici, para ningunha bicicleta, que non vai servir para nada. Sempre e cando cheguen a facerse, que eso é outra cousa que aínda está por ver. Atopámonos con proxectos mais propios do século pasado, que do tempo no que vivimos.
Unha vez mais o goberno e os que o apoian, e van apoiar tamén hoxe supoñemos, desisten unha vez mais das inversións fundamentais como é a depuradora de Dodriño.
Pero é que ademais inclúese por segunda vez un proxecto que xa foi incluído nun POS anterior, por segunda vez, propoñen facer a mesma obra pero é que nin os proxectos que presentan aquí responden minimamente as necesidades de hoxe en día. Recorre novamente este goberno agrada, para facer que fai en lugar de facer as obras tal e como se deben facer, tal e como se fixo entre os anos 2011 e 2019."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Moitas gracias, un turno de portavoces, portavoz do PSdG"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE:*"As actuacións que se propoñen son baixo criterios técnicos, aprobar esta emenda da agrupación XD , suporía unha modificación substancial e teriamos que retrotraer o expediente ao seu inicio sen tempo para presentar a correspondente documentación na Deputación. Os proxectos de asfaltar pistas do monte, foron solicitados polos veciños de Lestrobe e tratase de unha pista municipal, non do monte.*
O do carril bici, creo que é moito supoñer que non se vai a usar, e non se preocupe que as obras están adxudicadas e en breves datas darán comezo.
Os proxectos se son do século pasado? é a sua opinión, porque falar da

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

depuradora de Dodriño que ten un orzamento de máis de 500.000€ como a vamos a incluír no POS cas limitacións que temos? Para o asfaltado que vostede di que esta sempre vacía, sirva como exemplo a estrada da Paradegua a Teaio, na que vostede o que fixo foi botarlle grava, en cambio gastou de 80.000 en facer unha senda, que non digo que estea mal, coas complicacións que tiña, as tubaxes dos veciños, os valados, as entradas a garaxes e todo. E o de retirar os investimentos en Cancela Abrea..., dígalle vostede aos veciños que non quere que se faga un saneamento, teñen todo o dereito ao igual que outros , Gracias Alcalde."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz do PP "*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Pois nos pensamos que non se aclara moito , porque acaba de presentar no punto anterior unha emenda decindo que os cartos de este POS se metan en servicios sociais e ahora dinos que se metan en melloras de camiños, entón, ten que aclararnos en que quere que se metan estos cartos ou en servicios sociais ou aquí na emenda vostede puxo, solicitar no POS + 2024 para gastos sociais eso foi o que puxo, entón claro si en un punto pide que sexa para servicios sociais e no seguinte punto pide que sea para melloras de camiños non o entendemos, de todas maneiras aí tense que aclarar en que quere, unicamente que supera que non lle iba saír unha emenda a diante entonces presente outra asi, pero non ten moito xeito. De todas maneiras en referencia os investimentos que vostede plantexa aquí, efectivamente nos co investimento de Cancela Abrea non estamos de acordo, xa foi nun POS , xa se intentou contratar duas veces sin éxito, non foi executado, bueno un despropósito, pero en canto a obra da escola de Lestrobe nos si que estamos totalmente de acordo, actualmente o acceso a escola de Lestrobe é deficitario totalmente, ademais pode causar varios problemas aos nenos e ao maiores porque recordemos, que na escola de Lestrobe tamén vai a xente maior aos talleres de memoria, entendemos que con esta obra vai poder pasar unha ambulancia, un coche de bombeiros e si houbese algún incidente que esperemos que non, teriámolo salvado.*
O que hai que facer no concello e eliminar barreiras arquitectónicas para mellorar a accesibilidade, e en este caso mellorase moito a un sitio onde temos os veciños digamos que, polos que mais deberiamos preocuparnos, os nenos e os maiores co cal, vamos a votar en contra de esta emenda".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Nos imos votar en contra das emendas deste tipo, esta estratexia de presentar emendas, porque aínda que se aprobe a emenda sería practicamente imposible volver a atrás no expediente para que dera tempo a alentar o expediente ese, no sería posible, mañá creo que hay que presentar toda a documentación, o sea que... Despois tamén, os veciños de Lestrobe non teñen dereito a que se adecente aquela zona, nin o de Cancela Abrea, como dixo o portavoz do partido socialista, tamén teñen dereito a ter saneamento, non sei porque non quere o portavoz de Xente de Dodro, non sei porque non queren que os de Cancela Abrea teñan un saneamento, nos evidentemente imos a votar en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*: "Gracias, eu sobre a emenda dicirlle ao portavoz de, señor Alfonsin, parece mentira non se acorde como vai esto do POS adicional, voume tomar uns minutos e voullo explicar, os investimentos de Cancela Abrea, esto tamén vai para o portavoz do Partido Popular, e os da contorna da escola de Lestrobe en concreto van dentro de a proposta ao Pleno para o POS complementario 2024, que ten que ser como mínimo o 25% das achegas provinciais do POS 2024, e comisión de reparto de mellor achega provincial ao POS adicional.*

Por qué se mete o tema da Cancela Abrea? Pois vouno explicar a vostedes, vostede xa votou en contra de esta inclusión no, no seu momento e é un proxecto que nos parecía no seus momento interesante e que quedou fora de realización, porque a empresa adxudicataria non cumpriu as suas obrigas co concello de Dodro, o concello de Dodro desde que esta gobernado por bueno por xente mais ou menos mais, digo normal, dos últimos 5 anos, 4 anos tamén, non fai o que lle obriga a lei e si as empresas non cumpren cos contratos, pois rescíndeselle o contrato, sanciónaselle e en eso estamos, nos parece ademais que é de lei, que esta zona teña dereito a un saneamento, recordade tamén que hai unha gran parte que intentariamos incluír mais adiante que completaría toda a zona esa.

Os proxectos de mellora de camiños, neste, está presentada solución técnica mais axeitada ao fina acadar, como se pode ver na memoria dos proxectos, está na descrición das obras, a xustificación da solución adoptada polo técnico redactor que ten a competencia suficiente. Resultando ser neste caso, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e está colexiado.

Onde menciona expresamente o seguinte: en función das necesidades e pretensións municipais, dispoñibilidades orzamentarias, estado das obras e respostas de actuacións similares na zona, considerase que as unidades presupostadas representan a solución mais acorde co fin a acadar, pero claro, este home solo é enxeñeiro de camiños, que saberá el en comparación con vostede? A esto xa estamos moi afeitos non, entonces o

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concello de Dodro consta que xa enviou a Deputación de Coruña a resolución do 9 de outubro do 23 de anulación do proxecto de Cancela Abrea para esta a Deputación, este efecto dota totalmente da previsión de incluír no POS complementario, o proxecto de saneamento en Cancela Abrea, porque a parte vai a vir mais dotación orzamentaria do ano 24 por non haber tido feito esto no seu momento, entonces me parece que é completamente extemporáneo, coincido co portavoz de Unidade Veciñal, que esto o único sentido que ten é enredar, pero en todo caso vamos a proceder a votación da emenda."

Procédese á votación da emenda en primeiro termo, tal e como determina o artigo 43 do Regulamento Orgánico Municipal.

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Rexeitada

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "U*n segundo turno para explicar a proposta que se fixo no seu momento por parte do goberno, portavoz do PSdG."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE:" *Vou explicar en que consiste a actuación:*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A de Dodriño, a mellora dos viarios en Dodriño:
*Preténdese a mellora da capa de rodaxe dun viario dividido en 3 treitos, un teito de 375 por 3,5m, así como 100 m cúbicos de abanico, mellorase co tratamento asfáltico superficial e rego de sedado previo cheo, con gravas, tratamento asfáltico semiprofundo e logo esta o treito de 60 x 4,5m que mellorarase con 10 cm de zahorra e 15cm de formigón, incluso mallazo e xuntas de dilatación, e finalmente o treito de 105*105, mellorarase en 10 cm de zahorra e 15 cms. de formigón, incluso mallazo e xuntas de dilatación.*
Contémplase a canalización de pluviais mediante 100m de tubo de pp corrogado de 400 mm de diámetro, un pozo de rexistro en calzadas, 3 arquetas con sumidoiro e 7m de cable de fundición con reixa. Finalmente contémplase a apertura de gabias e limpeza e salva gabias, para o correcto drenaxe transversal.
En canto ao camiño Cruz de Avelán a Cruz de la Chisca, preténdese a mellora do camiño de 1850 x 425, asi como 120 m2 de abanicos con tratamento asfáltico superficial e rego de sedado previo cacheo con grava, tratamento asfáltico superficial, finalmente contémplase a apertura de gabias e limpeza de salva gabias para o correcto drenaxe posicional e transversal, e a colocación de dous sinais de stop.
Esas son as que están no POS e no complementario do saneamento de Cancela Abrea, que ahora acáballe de aclarar o alcalde, prevexa a canalización de 220m de tubo de pvc de 315 mm e a instalación en 9 pozos da rexistra para a rede de saneamento por gravidade , todo iso previa escavación de zanxa. Para poder conectar este novo saneamento coa rede existente, será preciso executar unha impulsión formada por un pozo de bombeo, prefabricado de pr 1000mm de diámetro e 3,5m de altura con duas electrobombas sumerxibles, trituradoras de agua residuais e instalación de 670m de tubo polietileno de 90 mm de diametro.
Para o correcto funcionamento de bombeo, contemplase ou farase a correspondente canalización para a instalación eléctrica, duas arquetas e cadro de mando a medida. No treito de paralelismo de canalaización de inclusión coa estrada AC-305 prevese a protección da tubaxe de saneamento con tubos de pp corrugados de 180mm e textil para resolver o testeo da zanxa. Unha vez realizada a rede de saneamento contemplase a construcción dun pavimento para a instalación das canalizacións.
O acondicionamento do entorno da escola de Lestrobe, que vai no complementario tamén. Execución de un acceso ao sur coa correspondente execución de escaleiras, muros de contención de formigón aramado e desprazamento da actual estrutura do teito, pavimentación mediante o formigón desactivado en zonas axardinadas, execución do acceso accesible a escola mediante ramplas ao 8%.
Esto convértese nunha necesidade de execución dun acceso accesible a escola de Lestrobe así como o acondicionamento do seu entorno.

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Logo queda a mellora do viario no núcleo de Bexo, que consiste nunha superficie total de 500 m^{2,} preténdese sa mellora do viario do núcleo de Bexo, mediante a execución dun pavimento de 15 cm de formigón desactivado sobre 10 cm de zahorra combinado con adoquín que irá colocado en franxas lonxitudinais ao longo de mesmo e con cortes transversais, incluso mallazo, e xuntas de dilatación previo, dilatación e compactación do pavimento existente.
Prevese previamente a canalización de 100 metros de tubería pluviais de pp de 400 mm de diámetro, previa a apertura de zanxa e execución de 3 pozos de rexistro e 5 arquetas con sumidoiro mais un total de 19 m, 4 treitos de 4 metros e un de 3 metros, de cal con reixa para a recollida das augas superficiais.
Finalmente, prevese o acondicionamento de superficies existentes tras da fonte da praza coa limpeza da mesma o estendido de 15 cm de formigón.
Loxicamente temos mais actuacións valoradas, que pasa, que tivemos que cinguir ao que había, ao presuposto, temos valoradas moitas mais actuacións e memorias, tanto as que están reclamadas, como as que van da cruz de Abelá a Teaio, de Teaio a Bustelo que loxicamente non nos cabían nestas e outras actuacións menores, pero non menos importantes que tamén están valoradas para próximos plans. Gracias"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz de XD"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Gracias señor do pisga, un par de cousas antes de nada, en tema do POS plus, faille mais gracia o que digo e, que o que di vostede, dúas cousas, si aportase con recursos propios, recursos propios non é o POS, é unha cuestión de prioridade. Tendo en conta como están os servizos sociais é simplemente unha cuestión de prioridades, a que te queres dedicar, si a ti che parece que hai outros departamentos mais importantes, pois adícaos que non pasa nada.*
Respecto ao señor Vicente, é decir, aquí ahora como o señor alcalde apura os plazos, chegamos ca víspera, entonces é, ou aprobas ou perdemos os cartos, entonces claro, como chegamos así, non presentes emendas porque entonces perdemos os cartos, ese é o sentido da democracia e o sentido da responsabilidade, pero e que a el non lle importa nin siquera chegar aquí e que non lle consulten nada, el vai votar sempre a favor e un choio, un choio que lle sae gratis, da gusto, non perden tempo.
Simplemente dúas cousas, vostede di, o proxecto de Cancela Abrea do 2019, vai de volta, devolvelos cartos, e di a deputación non mo trae home xa , pero e que ti perdeches de invertir en aquelo teríache que traer e ahora invertir en outro proxecto, pero eso non é o mellor, no ano 2019 o

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

proxecto de Cancela Abrea costaba 47.000€, hoxe costa 78.000 pero ahi están os señores de Unidade Veciñal, como é o ultimo día, votamos que mais da 30.000€ arriba, abaixo. En 4 anos, a ver, a ver a alguén vaille a urxir? Non, no a quen lla vai?, aos veciños, non? Non pasa nada, nin con eso nin cos cartos que se perden por non ter contratado educadora social, nin do SAF, non pasa nada, vostede non os ten, entonces, que mais da, chegamos aquí e xustificamos sempre de calquera maneira, de calquera maneira o xustificamos, non pasa nada, 47.000€ que perdemos, que tiñan que estar adicados a outra cousa, e ahora collemos na ultima hora 30.000€ mais, e sobre todo porque, soamente por dar unha casa aceso, servizo a unha casa, e decir bastaba unha fosa séptica, poñer unha fosa séptica... usted se tira 200m para arriba, 200m para abaixo de tubo, porque esa persona non quere poñer unha fosa séptica. E se tira vostede 400m de tubo para facer unha sola casa?, pero non pasa nada, esta o señor Vicente, que non ten problema ningún, polo general os señores de UV non teñen problema ningún, tiñan problemas ca depuradora pero pasaron 4 anos e non teñen problema ningún ahora.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias señor Alfonsín, portavoz do PP"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Primeiro dar as gracias o señor alcalde pola aclaración da Cancela Abrea pero non facía falta, xa nos enteramos a obra de Cancela Abrea está desde 2019 e que, que eu teña coñecemento xa foron dúas empresas a intentar facela, eso sin contar e para cantas casas é e o que costa, de todas maneiras, as obras son todas necesarias ao mellor sería máis interesante invertir eses cartos en algún sitio que chegara máis casas ou a máis veciños de todas maneiras eh nos xa adiantamos antes a obra de Lestrobe parécenos importante e necesaria a obra de Dodriño é unha obra que pedimos nos a este goberno municipal que a fixeran xa no ano pasado en varias ocasións e por fin dixéronnos a ultima vez que a ian meter no 2024 e agradecemos que por fin a leven. A obra da pista da Devesa da carretera da Devesa, da a cruz do Avelán á Devesa pois tamén é unha carretera que ten moita falta e que tamén a pedimos en varias ocasións, igual se podía haber incluído outras, si , pero os cartos é para o que dan. A nos parécenos ben e vamos a votar a favor de estas obras."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Por favor portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Vamos a ver, no POS 24, as obras estas do POS a mellora de viarios en Dodriño e o camiño de Cruz de Avelán a Devesa, bueno parécenos ben. O*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

camiño da Cruz de Avelán á Devesa foi unha obra que levamos pedindo nos tamén, bueno por que era necesidade, imaxino que a pedíamos nos e a pedíamos todos. Esperamos que quede co tratamento de asfáltico que quede moito mellor que a que foi da Chisca á Fonte Primeiral, esperemos que quede mellor porque case non vai valer a pena. Despois nas obras do complementario, bueno, nos en esas obras faríamos outra, non estamos moito de acordo con ese tipo de obras, pero bueno como o complementario aínda hai que aprobalo despois no mes de setembro e se poden modificar esperamos que cheguemos a algún acordo por aí; e lembrar que según se ve no proxecto da obra de Lestrobe pasamos a ter, non hai un acceso directo para unha ambulancia nin para unha cadeira de rodas ou sexa no proxecto aparece unha escaleira desde o acceso, ou sexa, habería que acceder con unha cadeira de rodas polo camiño vello, polo que se iba antes. No proxecto non hai acceso, creo que hai escaleira, non? Eu no proxecto non vin, si hai unha rampa será unha pequena pero non para acceso de unha ambulancia non? Ben de acordo nos no proxecto non vimos que houbera acceso por rampa, creo que iba por escaleira. Bueno, nos imos a votar a favor do POS "

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno vamos a no simplemente nada, agradecerlle o apoio aos grupos que anunciaron o apio a este POS, recordar tamén os criterios do Señor Alfonsín moi ben explicado neste Pleno, por fin, que hai casas que non merecen ter alcantarillado, que téñense que arreglar cunha fosa séptica, as que el decide, evidentemente, no sabe moi ben el en que se basa, nin o dixo, pero bueno gustaríanos que o aclarase no próximo Pleno, ou nunha publicación das súas tan chulas. Que diga que casas teñen que servirse de unha fosa séptica e que casas, estou no uso da palabra por favor respecte, que casas teñen que poder ter acceso o alcantarillado e que casas e en que casas teñen que aguantarse con unha fosa séptica por que o Señor Alfonsín así o decide. Dito esto nos intentaremos mellorar todo o que poidamos e intentaremos evidentemente acordar, ou chegar aquí con todo ó máximo acordado. Os cartos dan para o que dan, e as necesidades son as que son, que sempre son discutibles e evidentemente como ben dixo o portavoz de unidade veciñal, temos que traer aquí o plan complementario máis ou menos no mes de setembro. Vamos a votar a proposta presentada a este Pleno".*

Procédese a votación.

Votacións:
Votos a favor: 7
0 BNG
2 PP

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPEDIENTE: *2022/E004/000001*
ASUNTO*: MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.*
TRÁMITE*: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN*

O Pleno da Corporación municipal en sesión realizada o 18 de abril de 2023, acordou, entre outros, aprobar inicialmente a modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Dodro e expor ao público o mencionado documento, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderían examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A modificación da Relación de Postos de Traballo consideraríase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispón do prazo dun mes para resolvelas.

Con data 20 de abril de 2023 foi publicado anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 75 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Durante o período de exposición pública foron presentadas as seguintes alegacións:

Data	*Alegante/s*
03/05/2023	*Sandra Díaz Puentes, María Luisa Vigo Trillo e Gloria Romero Vidal*
18/05/2023	*Fernando Ares González*
19/05/2023	*Natividad Lorenzo Campos*
19/05/2023	*Araceli Vázquez Vázquez*
22/05/2023	*María Sonia Olveira Graña*
23/05/2023	*Raquel González Borrajo*

Por parte do equipo redactor do documento de modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo, foi emitido informe relativo ás alegacións presentadas e que a continuación se transcribe:

"A los efectos de atender a las alegaciones presentadas al proyecto de Relación de Puestos de Trabajo (RPT) del Ayuntamiento de Dodro, elaborado por esta empresa, se nos solicita la elaboración de este informe.

ALEGACIÓN 1: DÍAZ PUENTES, SANDRA; VIGO TRILLO, MARISA y ROMERO VIDAL, GLORIA.

El alegante hace referencia al puesto 2009 – AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.
El sistema de grupos profesionales en la Administración Pública se encuentra regulado en el artículo 76 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (TREBEP).

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

El puesto de trabajo objeto de alegación se ha clasificado en el grupo de Agrupaciones Profesionales, equivalente al antiguo grupo E, para el que no se exige ninguna titulación prevista en el sistema educativo, según regula la disposición adicional sexta del TREBEP.
Esto no quiere decir que no sea necesario disponer de ninguna formación para el desempeño de las funciones previstas en el puesto de trabajo, sino que no se requiere para el acceso al mismo.
En todo caso, sí nos parece conveniente incluir en el apartado "formación específica" el requerimiento de disponer del certificado de profesionalidad correspondiente y, consecuentemente, revisar las puntuaciones en el factor "especialización" del siguiente modo:

- *Especialización teórica e práctica no desenrolo das funcións ..... 10 puntos*
- *Esixencia de permanente actualización de coñecementos xurídicos, técnicos e científicos ..... 10 puntos*

El resto de cuestiones alegadas, referentes a las puntuaciones asignadas por el sistema de valoración de puestos, entendemos que son correctas y han sido sometidas a la Mesa General de Negociación (MGN en adelante) y consensuadas con la misma, conforme al procedimiento definido por el TREBEP y demás legislación de referencia.
La modificación de las puntuaciones anteriormente indicadas resulta en una dotación del puesto, ya en valores de 2023, de 17.206,04€.
Consideramos, por tanto, que esta alegación ha de ser parcialmente aceptada conforme a lo descrito.

ALEGACIÓN 2: GONZÁLEZ BORRAJO, RAQUEL

El alegante hace referencia al puesto 2002 – EDUCADOR/A FAMILIAR.
Al respecto de las cuestiones relativas a la denominación del puesto de trabajo, la Ley 7/85, de 2 de abril, de Bases Reguladoras de Régimen Local reconoce a la Corporación Local la capacidad de autoorganización, la cual decae en el Pleno. En este sentido, cada Administración Local tiene la potestad de organizar sus recursos humanos como considere más apropiado, independientemente de las tareas o funciones que cada trabajador venga desempeñando previamente.
En este sentido, entendemos que el Pleno tiene capacidad para proponer la denominación del puesto de trabajo que considere más conveniente sin vincularla de un modo biunívoco con la titulación necesaria para desempeñar dicho puesto de trabajo.
Con respecto a la titulación de acceso requerida ésta se corresponde con el nivel de formación mínimo de acceso y hace referencia siempre a una titulación académica genérica en cuanto a nivel formativo vinculada con el

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

grupo profesional. El Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su artículo 76 indica que para el grupo A, en el cual se clasifica el puesto de trabajo objeto de alegación, se exige "estar en posesión del título universitario de Grado".

En la disposición transitoria tercera, se establece la equivalencia con los anteriores grupos funcionariales existentes previos a la aprobación del EBEP.

El puesto de trabajo objeto de alegación ha sido clasificado en el subgrupo II de personal laboral, equivalente al A2 de funcionarios, fijando su equivalencia dicha disposición transitoria con el antiguo Grupo B, para el cual se exigía una titulación universitaria de diplomatura.

En este sentido se indica en la columna "titulación académica" el texto "Diplomatura/Grao Universitario", indicando que éste es el nivel académico exigido para el acceso al puesto de trabajo.

De todos modos, sí que consideramos oportuno proponer la inclusión de la titulación en educación social dentro de las características de formación específica requeridas para el puesto de trabajo, si bien esta circunstancia podría delegarse a su inclusión en las bases específicas de la correspondiente oferta pública de empleo, en su caso.

El resto de alegaciones hace referencia, en su totalidad, al sistema de valoración de puestos y las puntuaciones asignadas por el mismo.

El R.D. 861/1986 determina los factores por los que ha de ser valorado el Complemento Específico de un puesto de trabajo, que son los siguientes:

Especial dificultad técnica
Dedicación
Responsabilidad
Penosidad
Peligrosidad
Incompatibilidad

Con el objeto de modular la enorme diferencia de estos factores y el modo en que afectan a cada puesto de trabajo, el sistema de valoración aplicado efectúa una ponderación de los mismos en función del nivel de Complemento de Destino.

Esta ponderación es definida en función de la importancia relativa que se otorga a cada factor y se determina previamente a la aplicación del sistema a los puestos de trabajo del Ayuntamiento.

No es posible, por tanto, reajustar las ponderaciones en función del resultado obtenido para un puesto en concreto.

El sistema de valoración de puestos aprobado inicialmente por el Pleno Municipal del Ayuntamiento de Dodro respeta esta legislación y se aplica de un modo uniforme a la totalidad de los puestos incluidos en la RPT. Se trata de un sistema de valoración de puestos objetivo y definido previamente a su aplicación a los puestos definidos por la RPT.

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Asimismo, las puntuaciones asignadas en cada factor y subfactor de valoración a cada puesto de trabajo han sido sometidas a la Mesa General de Negociación (MGN en adelante) y consensuadas con la misma, conforme al procedimiento definido por el TREBEP y demás legislación de referencia.
A todas las cuestiones a las que se refiere el alegante puede obtener respuesta con la simple lectura del documento "valoración de puestos" donde se encuentra recogido el manual de valoración, con una explicación clara y detallada sobre la fórmula aplicada, puntuaciones asignadas a cada factor y demás elementos del sistema de valoración.
Consideramos, por tanto, que esta alegación ha de ser rechazada en los términos planteados.

ALEGACIÓN 3: OLVEIRA GRAÑA, Mª SONIA

La alegante hace referencia al puesto 2003 – TRABALLADOR/A SOCIAL.
El escrito de alegaciones hace una presentación inicial de la trayectoria de la trabajadora en el Ayuntamiento de Dodro sobre lo que no podemos opinar.
En cuanto a las funciones del puesto de trabajo, como ya se ha indicado antes, la capacidad de autoorganización de los recursos municipales decae en el Pleno y está recogida en la Ley 7/85 antes mencionada.
Las funciones asignadas al puesto son acordes con la categoría, escala y subescala en las que se ha clasificado el puesto de trabajo, por lo que no nos parece necesario modificarlas.
En cuanto a las puntuaciones asignadas por el sistema de valoración de puestos, como ya se ha indicado en la contestación a la alegación 2, es un sistema objetivo, de aplicación uniforme a la totalidad de los puestos de trabajo y que ha sido sometido a la mesa general de negociación.
Cada elemento retributivo trata de establecer la compensación económica al trabajador en función de los diferentes conceptos concurrentes, de un modo muy claro.
Cada subgrupo engloba a los puestos de trabajo para los que se exige una titulación de acceso determinada (TREBEP); de ningún modo se indica en el TREBEP ni en ninguna norma jurídica vigente que la totalidad de los puestos clasificados en el mismo subgrupo deban ser retribuidos con los mismos complementos salariales.
La comparación de un puesto con cualquier otro de cualquier subgrupo está, por tanto, fuera de lugar.
Consideramos, por tanto, que esta alegación ha de ser rechazada en los términos planteados.

ALEGACIÓN 4: VÁZQUEZ VÁZQUEZ, ARACELI

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

La alegante hace referencia al puesto 2002 – EDUCADOR/A FAMILIAR.
La primera parte del escrito de alegaciones hace referencia a las funciones asignadas al puesto de trabajo.
Como ya se ha indicado en reiteradas ocasiones, la capacidad de autoorganización de los recursos municipales decae en el Pleno.
Las funciones asignadas son acordes con la escala, subescala y categoría del puesto de trabajo, por lo que no nos parece necesario modificarlas.
En cuanto a las puntuaciones asignadas por el sistema de valoración de puestos y su comparación con otros de la misma o inferior categoría, nos remitimos a lo contestado en la alegación 3 en este mismo sentido.

ALEGACIÓN 5: LORENZO CAMPOS, NATIVIDAD

La alegante hace referencia al puesto 4012 – ANIMADOR/A CULTURAL.
El escrito de alegaciones presentadas plantea dos grupos de cuestiones. Una primera referente a la titulación de acceso y otro más amplio que atiende a las puntuaciones asignadas por el sistema de valoración de puestos.
Con respecto a la titulación de acceso, como ya se ha indicado en la contestación a la alegación 2, se trata de una titulación mínima de corte establecida por la Administración Pública que elabora la RPT en base a su capacidad de autoorganización de los recursos municipales.
En todo caso, aún cuando este puesto ha sido clasificado en el grupo laboral III, equivalente al subgrupo C1 de los funcionarios (subescala administrativa), sí nos parece conveniente redefinir el puesto como doble grupo B/C1 (X/III para personal laboral), dando acceso al mismo a trabajadores con la titulación de técnico superior.
Asimismo, el puesto permitiría la promoción interna del trabajador que lo desempeñe, pasando del subgrupo C1 al grupo B si así se determinase.
En cuanto a las puntuaciones asignadas por el sistema de valoración de puestos y su comparación con otros de la misma o inferior categoría, nos remitimos a lo contestado en la alegación 3 en este mismo sentido.
Consideramos, por tanto, que esta alegación ha de ser parcialmente aceptada conforme a lo descrito.

ALEGACIÓN 6: GONZÁLEZ ARES, FERNANDO

El alegante hace referencia al puesto 4011 – TÉCNICO/A DEPORTIVO.
La primera parte del escrito de alegaciones hace referencia a las funciones asignadas al puesto de trabajo.
Como ya se ha indicado en reiteradas ocasiones, se trata de una cuestión amparada por la capacidad de autoorganización de los recursos municipales de la que dispone el Pleno.
Se trata de funciones acordes con la escala, subescala y categoría

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

profesional del puesto, por lo que no consideramos necesario modificarlas.
Con respecto a la titulación de acceso, como ya se ha indicado en la contestación a la alegación 2, se trata de una titulación mínima de corte establecida por la Administración Pública que elabora la RPT en base a su capacidad de autoorganización de los recursos municipales.
En todo caso, aún cuando este puesto ha sido clasificado en el grupo laboral III, equivalente al subgrupo C1 de los funcionarios (subescala administrativa), sí nos parece conveniente redefinir el puesto como doble grupo B/C1 (X/III para personal laboral), dando acceso al mismo a trabajadores con la titulación de técnico superior.
Asimismo, el puesto permitiría la promoción interna del trabajador que lo desempeñe, pasando del subgrupo C1 al grupo B si así se determinase.
Consideramos, por tanto, que esta alegación ha de ser parcialmente aceptada conforme a lo descrito."

Elaborado por parte do equipo redactor o documento para a aprobación definitiva da modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo, este tivo entrada no Rexistro do Concello o 31/05/2023 con núm. 202399900000392.

Considerando que se seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno municipal a adopción dos seguintes ***ACORDOS***

***Primeiro**.- Estimar parcialmente as alegacións seguintes, polos motivos recollidos no informe emitido polo equipo redactor arriba transcrito, que serve de motivación ao presente acordo, consonte ao artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:*

Data	*Alegante/s*
03/05/2023	*Sandra Díaz Puentes, María Luisa Vigo Trillo e Gloria Romero Vidal*
18/05/2023	*Fernando Ares González*
19/05/2023	*Natividad Lorenzo Campos*

***Segundo**.- Desestimar as alegacións seguintes, polos motivos recollidos no informe emitido polo equipo redactor arriba transcrito, que serve de motivación ao presente acordo, consonte ao artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Data	*Alegante/s*
19/05/2023	*Araceli Vázquez Vázquez*
22/05/2023	*María Sonia Olveira Graña*
23/05/2023	*Raquel González Borrajo*

***Terceiro**.- Aprobar definitivamente a modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Dodro, co texto do documento elaborado polo equipo redactor para a aprobación definitiva con entrada no Rexistro do Concello o 31/05/2023 e núm. 202399900000392.*

***Cuarto**.- Publicar integramente a Relación de Postos de Traballo publicarase no Boletín Oficial da Provincia entrando en vigor ao día seguinte da publicación e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A relación de postos de traballo do Concello de Dodro, tráese o pleno unha proposta de acordo que é a modificación número un da relación da RPT que está agora mismo vixente no Concello de Dodro. A RPT actual inclúe uns cambios ao noso entender, por eso a traemos que melloran á xa existente, inclúen a dous postos, tres postos, que non estaban que non estaban contemplados na RPT actual e que nos entendemos que son necesarios porque son traballadoras que no proceso de consolidación entendemos que teñen moita importancia no Concello e queremos darlle a prestancia e a seguridade que necesitan para estar traballando aquí no Concello. Unha axente de desenvolvemento de emprego e unha orientadora laboral, incluímos tamén unha limpadora produto de unha sentencia que a fixo fixa neste concello que non estaba incluída na RPT anterior. Actualízanse as condicións laborais de todos os traballadores, de todos os traballadores, uns en maior medida que outros, produto de unha que xa se traía de atrás e ademais, e creo que nesto estarán todos vostedes de acordo, é unha necesidade e unha oportunidade importante, a inclusión de uha plaza de arquitecto municipal a media xornada que tamén nos gustaría, antes de que o diga nadie, que fose a xornada completa. A valoración, que me corrixan é de uns 45.000€ aproximadamente ano, unha xornada completa, en principio entendemos que a xornada, a media xornada, daría cumprimento ás necesidades iniciais do Concello de Dodro. Sería un traballador con estabilidade, sería funcionario, sería media xornada e tamén quedamos abertos desta, RPT a mellora posterior desta RPT. Esta RPT tubo alegacións no proceso que se abriu e que se trae aquí no unha*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

proposta que se trae de acordo que trae, oito alegacións e no informe, na proposta de acordo está tamén o informe da empresa responsable que despois pasarei a ler sobre as alegacións, e haber sobre alega e a ver xa podo lelas aquí".

Procédese coa lectura das alegacións e posterior debate.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Lamento a chapa pero parece que que necesitamos que quedase claro que empresa redactora estimou que o legalmente debería estimar a mesa de negociación, con acordo, aprobou as estimacións que están aquí e esta relación de postos de traballo, pensamos que é una mellora sobre que partíamos pensamos que no porque ser definitiva, que pode ser una una base para, para posteriores mellor cuales, bueno eu xa manifestei en outras ocasións, e sigo manifestando aquí para que, para que conste Pleno e voulle a dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Buenos días. Un alcalde da comarca, na presentación Programa PIE, indicoume que que contaba con mellores funcionarios comarca e eu respondinlle que probablemente, pero que os nosos, loxicamente que eran mellores, e eso pretendemos, que sean mellores funcionarios que para eso temos que valorar. No tema de RPT antiga, o personal de nivel mais baixo, non podemos pagar menos que o salario mínimo interprofesional como se van facendo hasta ahora, con esa RPT aprobada esta a modificación que fora aprobada 18 de Abril de 2023. Hai que valoralos na sua xusta medida e tamén da súa responsabilidade, eso digo pola categorías non solo as mais baixas, senón das mais altas, e unha aclaración, que vexo que é común en determinadas alegacións que hai aquí, dicir que non todos os que forman parte de mesmo grupo, ten que iguais retribucións económicas, non todos teñen as mismas responsabilidades, nin nun concello no mismo posto, se retribúe igual en un concello que en outro, pero bueno eh, que si caben modificacións a esta modificación, valga a redundancia, pois si, pero entendemos que sempre é mellor ca actual que prexudica máis ou menos a todos e esta beneficia, pouco ou moito, a todos. Bueno, loxicamente grupo socialista quere apoiar esta moción, e pide que cada un que, na sua conciencia que o valore que vote coa súa conciencia."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Moitas gracias portavoz de Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben, señores do PSOE, decían vostedes do ano 2019, o complemento especifico da*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

secretaría [falan a vez]. *Un montón de pasta, un montón de pasta e o que tiña de salario a secretaria, no ano 2019, un montón de pasta, e o que costa a RPT, 25.000 euros, despois din que non hai cartos, temos dúas, dúas secretarias. Unha será funcionaria e outra será laboral ou substituta porque como está na misma categoría, e di o señor Abuín, que acaba de decir, que na misma categoría poden, ter salarios distintos. E ben decían vostedes que non hai cartos, como se pagou esta modificación da RPT? Facía falta, no, porque o salario víñase actualizando. No ano 2019, ningún, incluído o señor Vicente, ningún dixo nada, sobre o nivel salarial, ninguén dixo nada, e hasta ahora estuvéronse actualizando, de acordo ao IPC. Pero primeiro direi que a fundamentación xurídica, destas alegacións, nas que se basa a xustificación para restar as alegacións, é tanto como nada, non hai xustificación xurídica real para rexeitar as alegacións feitas, nembargantes todo parece indicar que algúns concelleiros da oposición, valoran xuridicamente esas alegacións e non lle parecen axeitadas.*
Como segundo motivo, debemos decir que nesta modificación, a subida do salario de só 3 postos de traballo, solo 3, suman 20.100€, o posto de secretaria-interventora son 10.814€, o postos de técnico contable, son 5.294€, o posto de auxiliar administrativo nas oficinas centrales son 3.992€, total: 20.100€ para tres postos de traballo, mais seguridade social, unha cifra que vai a estar entorno, o total a 25.000€, so para tres postos de traballo, para os restantes 14 empleados, a suma é de 6.618€. Para 14, 6.600, para 3, 20.100. A seguridade social de estes 14 empregados seria en torno, sumaria un total de 8.000€. É decir tres postos de traballo se van levar 25.000€ e o resto 14 persoas, os que ganan menos, esas 14 persoas, 8.000€. E a pesar disto, algún conselleiro da oposición, aínda segue sin ver motivos para rexeitar esta modificación dos salarios, eso si, non ve ningún motivo para que se lle paguen os atrasos desde que foi RPT que se está aplicando [falan a vez] *nos últimos tres anos, os atrasos dos últimos 3 anos, non se lle pagaron aos empregados* [falan a vez]"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do PP por favor"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Gracias, esta RPT que pretenden vostedes aprobar, carece de toda lóxica,e está chea de desigualdade. Para empezar, empregados do mesmo grupo teñen sueldos tan diferentes como que un cobra case 10.000€ mais que o outro, o personal laboral da misma categoría, exactamente da misma, cobra 1500€ menos ao mes, que outros, en este caso falamos de 20.000€ ao ano. Dixo o portavoz do PSOE que non teñen porque ser iguales as retribucións, efectivamente o complemento especifico varia, pero non tanto, non hai tanta diferencia, de todas maneiras, que criterio seguiron vostedes para valorar mais o traballo de uns que de outros. Que criterio seguiron? Porque sendo da misma categoría eu non o entendo.*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A algúns empregados sácanlle funcións, entendo que para rebaixarlle o soldo, funcións ademais que viñan desempeñando ata o de agora, e que ahora na RPT esas funcións quítanllas, e nos preguntámonos, si son capaces de sacar adiante esta RPT que nos, esperamos que non, como pretenden, quen pretenden que fagan esas funcións? Os mismo empregado pero sin cobrar?porque senón, non se entende.
É tan discriminatoria que algún personal do concello, cobra, é tan discriminatoria que algún personal do Concello, algún que non cobra, chega ou pasa escasamente do soldo mínimo interprofesional, recordemos, os mil cento e pico, vanlle a subir 58 céntimos a o mes 58 céntimos ao mes, unha persoa que practicamente está cobrando o soldo mínimo interprofesional, pero, non acabei o meu turno, aínda non?Poña o cronómetro porque se non, non damos acabado. Pois a uns súbelle 58 céntimos a outros 800, falamos de euros ao mes, eso sin contar, que ten 8 alegacións e que según nos temos entendido , os empregados que presentaron estas alegación, entéranse hoxe da resposta, porque sa eles non se lles contestou absolutamente nada ata o día de hoxe, non valoran...

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Voulle dar outro turno porque quero manter as formas para intentar acelerar o debate e que quede todo o mais claro posible. Portavoz de Unidade Veciñal".*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, nós, en coherencia co manifestado no Pleno do 18 de abril do 2023, onde se aprobou inicialmente esta RPT , dixemos literalmente: hai postos de traballo que non se lle sube o salario e que se lle aumentan as funcións e hainos que se lle sube moi pouquiño, por eso cremos que sobretodo aos que cobran menos é aos que menos se lle sube, e a aqueles aos que no se lle sube, animámolos a alegar e entendemos que esas alegacións son xustas e necesarias e que teñen que ser atendidas, vemos que as alegacións solo foron atendidas de forma parcial e os salarios non se viron modificados substancialmente nas categorías mais baixas, por exemplo, aos peóns ou operarios de servizos múltiples, non teñen nin un euro de subida, as limpadoras e conserxe do polideportivo, pasarían a gañar unicamente 60€ por encima do salario mínimo, que agora é 1134, pero e que o técnico deportivo tampouco se lle sube nada, igual que o auxiliar administrativo de servizos sociais.*

O que queremos é que todos saian beneficiados,sobre todo nas categorías mais baixas. Non é normal nin ético que as 3 categorías mais altas, se lle suba case 25.000 euros, como dixeron aquí, e ás anteriores, xunto coas auxiliares de axuda no fogar, educadora familiar e a traballadora social, que están todo o día na rúae que atenden as persoas necesitadas e nalgún caso,con risco da súa vida,sumen entre todas escasamente 5000

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

euros, pero é mais, hai categoría de traballadores coa mesma denominación que cobran diferente, unicamente atendendo a onde teñan o seu osto de traballo, primando sempre aos que están na cas do concello, por e4xemplo a axudante administrativa, de servizos socias, cobra menos que a do concello e ca mesma categoría laboral, e bastante menos.

Non podemos alegar que nunha futura modificación ou nova RPT non teñamos orzamento para esto, pois lembro que estamos aforrando cada ano o salario de dous concelleiros, que serían aproximadamente 45.000 euros, que ben se podías repartir entre os traballadores das categorías mais baixas. Houbo unha total falta de consulta e participación dos empregados na elaboración da RPT e isto xerou descontento entre os traballadores, houbo empregados que non souberon da intención da modificación da RPT, osa traballadores sentiron que se tomaron decisións importantes que afectan as súas vidas laborais, sen a sua debida participación, non digamos que se fixera todo de forma legal".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*: "Señor Vicente, acabaron os seus dous minutos, sinto, vamos a acortar un pouco. Vou facer unha pequena intervención e vamos a dar un último turno porque entendo que esto ten bastante miga e vamos a revisalo. Vamos a ver para que non se faga moi largo esto, decirllle ao señor Alfonsín que , primeiro, vostede di mentiras a montóns, estes soldos subiron co IPC e porque o goberno subiu o salario mínimo interprofesional, ca RPT que nos encontramos cando chegamos ao goberno no ano 19, teño que recordar que vostede, baixoulle o soldo, moito por debaixo do que se consegueu salario mínimo profesional a varios traballadores e varias traballadoras do concello.*

Sobre o que vostede dicía do que eu expresaba no ano recordar 18, creo que foi, verdade?, sígoo mantendo exactamente, vostede tubo o gusto de manter dúas secretarias aquí cobrando do Concello, porque unha , que recordo eu perfectamente, e recordamos todos os que estamos aquí, , presentou unha denuncia ao goberno que había naquel momento no ano 2008 e a continuación, vostede mandouna para casa cobrando durante case 4 anos, facendo un traballo de dudoso sentido común.

Vostede é o menos indicado para falar de despilfarro económico, nin o que cobraba a secretaria, tubo cantas?, tres secretarias despois?, ou axudantes de secretaria?, porque non quedou moi claro o que facía, o que si é que vostede tiña unha secretaria titular no Concello, bueno, mais ben na casa, cobrando unha pasta, recorde, despois dunha secretaria que lle sirveu para xerar unha denuncia que despois quedou en nada, tamén hai que recordalo

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo, portavoz do Partido popular, efectivamente como dixo aquí moi ben, e vostede, creo debe coñecer de sobra, estar no mesmo grupo laboral, non quer dicir que todo o mundo cobre o mesmo, eso parece razoable, en da responsabilidade hai variacións.

Terceiro, nos vimos unha RPT , que era mala, que baixaba o soldo a unha serie de persoas, recordémosllo que aquí non o falou nadie, aquí hai unha xente que no ano, se aplicamos no ano 19 a RPT que tíñamos cando chegamos, e volvamos e entramos no goberno naquel momento, había xente que había que baixarlle o sueldo, por unha razón que vostedes saberán, vostedes saberán por qué razón aquela RPT incluía baixadas importantes de sueldo, e non incluía recoñecer sentenzas, que vostedes xa tiñan perdidas, vostedes xa sabían que había xente que tiña que ser fixa nesta empresa e que tiñan un sueldo que había que incluír nesta RPT, pois non, non se inclúe, se lle baixa uo sueldo as limpiadoras e mais durante momentos determindos, supo algunha traballadora deste concello cando se foi a xubilar, que estuvo cotizando por ela o alcalde a media xornada, sin sabelo, sin sabelo, ese é o nivel dos señores que nos presentan unha RPT do ano 19 que non se pudo xubilar con 65 anos, tubo que estar un ano mais, a muller marchaba para a casa os 65, vai a Seguridade Social e dinlle, "olle no no, vuelte a trabajar que te falta un año más, que te falta un año más" ese é o nivel da RPT do 19, pero mire vostede, nos consideramos e encargamos a unha empresa a elaboración dunha RPT actualizada, dunha RPT digna, si que é verdade que hubo xente que melloraron, si que é verdade que a xente que tivo un nivel absolutamente deprimente e se mellorou ca RPT do 19, pero a esa xente, non se lle toca, se recoñecen certas cousas, e polo visto as alegacións que presentan non se teñen en conta, digo eu, que esto queda unha parte legal, que eu animo a todo o mundo que está aquí, a todos os traballadores, que eu lle dixen persoalmente a todos, a que vaian , acudan aos tribunais de xustiza, a xustiza social, a xustiza ordinaria que queiran , a xustiza laboral porque se creen que teñen dereito a algo, pois teñen todo o seu dereito a reclamalo.

E portavoz de Unidade Veciñal, unha cousa tamén está clara, parece mentira que non entendas a diferencia entre un auxiliar de servizos sociais, que é persoal laboral, que entrou nun momento determinado, se outra maneira, un auxiliar administrativo funcionario con un grupo distinto, simplemente teñen, tablas distintas e teñen cousas distintas, a min paréceme ahora mismo, que non é igual, ese auxiliar administrativo sufreu unha baixada no ano 19 porque ocupaba ese posto alguén que non era do agrado da persoa que presentou a RPT do 19 , entonces, eu penso que esta RPT, non empeora a ninguén, contempla a plaza, contempla a posibilidade de contratar un arquitecto, pero en todo caso, o Pleno é

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

soberano e eu vou defender esto hasta onde poida, non se preocupen vostedes, no concello de Dodro, cada un terá que responder diante de todo o mundo das súas actuacións e aí o deixo.

Un turno mais por favor, e esta vez, case que, bueno, dobramos o, non que va, tres minutos a xente non creo que teña presa e vamos a debater o que faga falta, catro minutos, por portavoz, o que os queira gastar que os gaste".

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdG-PSOE: *"Eu simplemente, lle volvo a reiterar aos voceiros e aos concelleiros aquí presentes, que recapaciten ca que imos a aprobar, e volvo a repetir, ningún, ningunha, ningunha persoa sae prexudicada con esta RPT, o compromiso claro que é o que manifestou o alcalde, das modificacións correspondentes, ou se non queda ca mesma, cas prexudicadas, sobre todo ese niveis mais baixos que ganan menos ca o salario interprofesional, bueno o que sea, o público por favor,... e bueno, pouco mais a decir. Volvo a decir o mesmo, que a igualdade de salarios, xa quedou ben claro, que non é o mismo un ca outro, xa que falas de auxiliares a min persoalmente, naquela época, vostede si que a tomou comigo.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Portavoz de Xente de Dodro".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Gracias, respecto ao tema das secretarias, mire, parece mentira que teña vostede que recordar este tipo de cousas, cando vostede nin sequera participou na sinatura do bipartito, pero houbo aquí xente, no público tamén hai xente que coñece perfectamente aqueles catro anos, e como acabaron aquí dúas funcionarias, que non se puderon incorporar, unha delas en moito tempo, e outra costou tempo e moita axuda, poder chegar a traballar, parece mentira, o que pasa é que vostede non estaba, non sei onde estaba, iría creo que era a señora que tiña que dimitir para que vostede entrara"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estaba traballando, compañeiro, cousa que vostede fixo nunca"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Eu creo recordar o que vostede decía aquí no ano 2019, dicíao vostede, decía o BNG, e decíao Unidade Veciñal, léanse vostedes a Acta porque non hai nin o mais mínimo comentario, nin o máis mínimo sobreimporte as retribucións, nin o máis mínimo, nin o máis mínimo, e vostede tampouco. Vostede o único que sabía dicir era, qué pasta o complemento específico*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

da señora secretaria!, e despois, non sabía nin o que era unha funcionaria, unha laboral nin unha substituta, eso é o que quedou, pero bueno, quero decir, que no ano 2019 quedou aprobado un presupuesto co 65% para aportar, o 65% dos incrementos salarias, que supoñía a RPT, vostedes en catro anos, non pagaron nin un solo atraso, durante catro anos , o seu goberno, este que se di defensor dos empleados, non lle recoñeceron os deereitos da RPT, hasta o 1 de xaneiro do ano 23. 20, 21, 22, non lle pagaron, o único que lle pagaron foron os incrementos salariais, a RPT non, a RPT aplicouna ahora no ano 2023, vostedes non aplicaron nada, estes son os sindicalistas eh, pero é que vostede, e que , vamos a ver, o que non se pode facer baixo ningún caso, esto parece mentira que o diga alguén que ven dos sindicatos, é presionar aos empregados para que asinen un manifesto en favor desta subida ou en favor desta RPT, e que eso é impresentable, solametnme por ese motivo, eso é impresentable, eso non se pode admitir, pero é que non se admite, nin na empresa privada, nin na administración pública, es se vostedes, se alguén reconoce, se hai unha persoa que reconoce que o alaclade preionou, o que teñen que facer é moi claro, e que xa non se entra a discutir absolutamente nada, e que ademais, pero ademais, un resulta que oe ao alcalde, decir como se dixo, que esto é un compromiso meu, pero pague cos teus , non lle pague cos cartos dos veciños, esta cousa é totalmente desproporcionada, non ten sentido ningún, e aquí se alguén quere pagar favores, que os pague, pero cos seus cartos, non cartos dos veciños.
Esta RPT, non merece , non debe ser aprobada, en ningún caso".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Moitas gracias, portavoz do Partido Popular, ten vostede catro minutos"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Vounos aproveitar, mire, decía vostede que non, que efectivamente a grupos e corpos iguales, non teñen por qué cobrar o mesmo, non a diferencia é op complemento específico, par asegúrolle eu, que no mesmo grupo, o complemento específico non son 10.000€, como as diferenzas que temos aquí, ou 20.000, si nos poñemos no caso do persoal laboral que fai as funcións do mesmo grupo.*

Independentemente deso, din vostedes, vostede di, que non empeora a ninguén e o portavoz do PSOE, di que beneficia a todos. Bueno, a ver, ten empregados que lle sube 800 euros ao mes, que hai xente que non cobra nin eso, ten empregados aos que lle sube 400 euros ao mes e ten moitos empregados aos que lle sube 58 céntimos, 69 céntimos, 65 céntimos ao mes eh, algúns afortunados , e léase con ironía, súbelles 31 euros ou 80 euros. Home, si mew está decindo que esto beneficia a todos os

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

empregados por igual, pois non sei, debemos estar lendo RPTs total mente distintas, aquí, beneficia a trs traballadores e a maioría do resto prexudícaos.

E ademais, vendeulles a algúns empregados, que tan pronto se aprobase a RPT, iba a facer un convenio, onde se se iba a modificar cousas, se iba a favorecer a algún empregado que agora non sae tan beneficiado na RPT, pero vostede, que é sindicalista, debería de saber, que o convenio podería facelo cando quixera, non é necesario que vostede aprobe a RPT para facer o convenio, Por qué non o fai antes?, por qué cando se aprobe a RPT?, ou no último Pleno, cando nós lle preguntamos , canso nos enteramos que nos íamos quedar sen arquitecto e lle preguntan,os as previsións que tiña, a contestación súa foi, non quero utilizar a palabra chantaje pero, bueno, depende de aprobar a RPT, osea, si non se aproba a RPT, non imos a ter arquitecto municipal, bueno, pois terallo que vostede explicar aos veciños e teremos outro servizo mais que non funciona.

Eu vólvolle a preguntar, como seguramente teña vostede a última intervención, porque vostedes os do PSOE teñen moitos turnos e non miden tanto o tempo, vólvolle a preguntar, qué criterio seguiron vostedes para valorar o traballo de uns e de outros sendo da mesma categoría de forma tan distinta e quen vai a facer as funcións desa xente que vostede lle quita funcións para rebaixarlle o sueldo e para non pagarlle o que debe, quen vai a facer ese traballo? Porque aquí no concello di que non hai xente.
Mire, non imos a apoiar este disparate de desigualdade, de discriminación, nin esta nin ningunha que traia nas mismas condicións, nada mais que dicir".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, sobroulle un minuto, eh. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:" *Bueno, despois de oír aquí ao portavoz de Xente de Dodro, mais que oílo, sufrilo, semellantes berros, eu creo que sala de Plenos non é un campo de fútbol, non fai falta berrar tanto, parece vostede está en Laíño no campo de Chenlo, animando aos seus. Non fai falta gritar tanto que nos oímos Eu e mais todos, con este tono de voz, creo que nos oímos todos, non fai falta que vostede nos abronque desa maneira, estamos aquí para falar tranquilamente.*

Interrompe o voceiro de Xente de Dodro.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non interrompa señor*

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Alfonsín, por favor, manteña a educación, perdona Xoán, de verdade que vostede é incapaz de ser un pouquiño correcto ou un pouquiño educado, pois mire, por favor, séao de demóstrenos aos demais, como actuaría unha persoa como vostede, ca súa catadura moral , que nos quede claro, a súa catadura moral e a súa educación exquisita de pazo, que se vexa, por favor, compórtese, primeiro aviso caballero, primeiro aviso caballero, primeiro aviso señor. Segundo aviso, e xa lle aviso que esto non vai a acabar ... Perdoa Xoán"

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Simplemente era unha cuestión de orden. Evidentemente qeu polo que dixo o portavoz do Partido Socialista, evidentemente, bueno, parece que estamos xulgando mais a RPT de 2019 que aprobando esta de 2024 , tamén, claro, evidentemente, se nos cinguimos RPT do 2019, evidentemente, claro melloran todos, porque aquela si que estaba baixa, claro, normal que melloremos todos, con respecto a de 20219, mellora un pouquiño, uns mais que outros, basicamente. E no caso de que aprobaramos a RPT, e despois se faga unha inmediata modificación , como dixo o alcalde, despois de varias consultas que fixemos sobre as alegacións, ninguén nos garante que estas sexan atendidas tal como pedimos no Pleno de aprobación inicial e sobretodo, despois de escoitar ao alcalde na reunión cos traballadores, dicir literalmente que estas alegacións eran unha auténtica locura. E o proceso de promoción interna , nunca podería ser antes da modificación desta RPT, polo que aínda coa rápida iniciativa da Alcaldía, cousa que dudamos, esta proceso podería retrasarse varios anos .*

Ademais está a profunda desconfianza, tanto dos traballadores, como do grupo municipal da Unidade Veciñal de Dodro.
Quen nos garante que as alegacións, unha auténtica locura e a suba de salarios sexan atendidas?, pois ninguén.

Todos estes problemas veñen dados pola RPT do 2019, aprobada polo PP de Dodro, daquela con Valentín Alfonsín ao fronte e na que Unidade de Veciñal de Dodro, xa votara tamén en contra, onde non contemplaba unha axente de desenvolvemento local, unha técnica sde orientación laboral, que prefería telas en precario, ou un técnico de urbanismo que dixo naquela sesión, dixo que , cando se aprobou, que Dodro non necesitaba un arquitecto para as obras que se facían, e os baixos salarios nas categorías mais baixas, que fa que agora un pouco que se lle suba, pareza claro, un gran logro, pero nas categorías dun grupo de funcionario, como Secretaría, Valentín Alfonsín, adxudicou un salario moi baixo para que ningún secretario quixera optar a praza de Dodro e así seguía a que estaba daquela a media xornada e compartida con outro concello, o que non

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

esperaba e que se sacara a concurso esta praza, o anterior goberno e a gañara a actual secretaria que agora traballa a tempo completo,ou algo mais para todos os veciños de Dodro.
Seguro que o señor Alfonsín, tamén considera que Dodro non necesita unha secretaria a tempo completo e non, non é este o Pleno, como para que vostede di, o Pleno para subirlle o soldo a secretaria, é o Pleno para facer xustiza a todos os traballadores do Concello.
Voulle a dicir unha cousa mais, señor Alfonsín, en Dodro si hai mulleres bravas e homes valentes, moitas, aínda que vostede se empeñe en negalo nas dúas redes sociais, hainas no movemento social, nas asociacións de veciños, na ANPA, comisión de festas,ao fronte dos negocios, no seu traballo e en case todos os partidos políticos, en case todos. Tamén pode ser que vostede non as vexa porque non ven moito por Dodro.

En Unidade Veciñal, estamos a favor de que se axusten os salarios nas categorías superiores, como Secretaría, técnico económico, administrativo ou auxiliar administrativo e se creen as novas prazas que faltaban como a de Axente de desenvolvemento local, de técnico, de orientación laboral, de técnico de urbanismo, pero tamén queremos que se teñan que axustar os salarios na parte mais baixa das categorías.

Nun equipo de fútbol, de nada nos valer ao dianteiro moi ben pagado, mentres que aos defensa e ao porteiro, están descontentos. Deste xeito o equipo de fútbol non funciona e o Concello tampouco.
Por todo o anterior, a Unidade Veciñal de Dodro, non vai a votar a favor desta aprobación ofensiva da RPT.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias a todos por intervir. Dúas cousas mais, na última quenda que me asiste como alcalde non como Socialista, me asiste como alcalde, non como socialista, sexa o alcalde do color que sexa.*

Primeiro, contestarlle ao portavoz, o señor Alfonsín, que evidentemente a negativa a pagar atrasos na aplicación da RPT do ano 2019, foi porque supoñía rebaixar soldos, entones, como nos parecía unha indecencia rebaixarlle o soldo as traballadoras, a un grupo importante de traballadoras , neste caso mulleres, si, as qu vostede destinaba menos salario de que era o considerado decente e legal, decidimos manter en suspenso esa RPT cas condicións que viñan de antes e a persoa que consicerase agraviado no memento de aplicación da RPT deste ano, os seu salario, sempre pode reclamar á xustiza e se a xustiza lle da a razón, que non sería a primeira vez que un traballador do concello gánalle nun pleitro ao Concello. Nós o que pretendíasmos era , non detraer soldo de nadie, si que bueno, se había alguén que se vira pois afectado ou prexudicado, por

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

esta historia, pois podía recorrer ao Xulgado e polo visto, non sabemos si recurreu ou non, aínda non nos chegou o coñecemento .

Segundo, a reunión cos traballadores que este alcalde mantivo, a ultima foi a petición de vostede entendo, para que vostede escoitase o que lle tiñan que decir os traballadores ao alcalde, como xefe de persoal, vostede interactuara con eles, todos xuntos e se citou a algún concelleiro mais, pero bueno, vostede foi o que os citou e o alcalde, que lle conste que non tivo ningún problema, non quixo ocultar nada, nin quixo oir nada, nin nada do que dixo o alcalde,... pois díxoo e , e mantéñoo e non teño absolutamente ningún problema. E dito esto, efectivamente, o que parece que non se dou conta, non sei si se dou conta alguén, desde hoxe e o que queda en funcionamento, é a RPT que traíamos de antes, que non contempla a creación dun posto de traballo de arquitecto municipal a media xornada, que non contempla a inclusión de certa xente, de certas traballadoras na RPT, e bueno, simplemente dicir, que vamos a proceder a votar e eso, daca un terá que asumir a súa parte de culpa e a súa competencia e incompetencia. Dito esto, vamos a facer a votación".

Procédese a votación.
Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 7
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ás 21:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: SLV7SvmsTf4FN/p0ZEEI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.